



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 20 DE NOVEMBRO DO 2023.**

**Sesión 16/2023-P**

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>PRESIDENTE</u></b> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> Grupo Sadamaioría (SM) D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA) D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP) D<sup>a</sup> Esperanza María Arias Ferreiro D<sup>a</sup> María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM) D<sup>a</sup>. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><b><u>NON ASISTEN</u></b> Grupo Partido Popular de Sada (PP) D. Fernando España López (Chano) (con excusa)</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b> D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día luns 20 de novembro do 2023, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Pleno por así telo solicitado cinco concelleiros de diferentes grupos municipais (2 APSU, 2 PP e 1 GM) o 03 de novembro do 2023, prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	--

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno extraordinario do Concello de Sada, convocado a petición da oposición con dous puntos da orde do día.

**1º.- DEBATE SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DE SEGURIDADE CIDADÁ E VIAL NO CONCELLO DE SADA.**

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron a sesión, presentada o pasado día 03 de novembro (NRE 202399900005428), que a continuación se reproduce literalmente:

«Solicitude de pleno extraordinario sobre seguridade cidadá.

Os concelleiros:



D<sup>a</sup> Esperanza Arias Ferreiro, D. Fernando España López (Partido Popular), D<sup>a</sup> Almudena Pena Álvarez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa, D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral (UPSA) asinamos esta solicitude, de acordo co dereito que nos confire o Regulamento Orgánico do Concello de Sada no seu artigo 42, cuxo teor literal di:

Artigo 42.-

“O Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Alcalde ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro poda solicitar mais de tres anualmente. Neste último caso, deberá ser convocada polo Alcalde dentro dos tres días hábiles seguintes á súa petición a través do Rexistro Xeral e a celebración do mesmo non poderá demorarse por mais de quince días hábiles desde que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto á Orde do Día dun Pleno ordinario ou de outro extraordinario con mais asuntos, se non o autorizan os solicitantes da convocatoria.

Se o Presidente non convocase o pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará convocado para o décimo día hábil seguinte ao de finalización de dito prazo, o que será notificado polo Secretario da Corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte ao de remate do prazo citado anteriormente. En ausencia do Presidente ou de quen legalmente deba substituílo, o Pleno quedará constituído sempre que concorra alomenos un terzo do número legal de membros do mesmo, e será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes”.

#### EXPOÑENDO OS SEGUINTE MOTIVOS:

Quizais máis que nunca unha iniciativa coma esta é necesaria e debemos abordala para relatar os motivos que nos levan a presentala.

Resulta inapelable a situación de inseguridade cidadá que está a vivir Sada desde hai tempo, do temor dos nosos veciños, do dano económico nas súas propiedades, mesmo físico e moral debido ao incremento das accións delituosas. Cremos que é unha situación que nos está a preocupar a todos e polo tanto consideramos os que asinamos esta iniciativa que é necesario dedicarlle un tempo e un esforzo especial e específico, un esforzo extraordinario e tamén urxente.

É o momento de identificar problemas e de contabilizar medios dispoñibles para abordalos.

É o momento de detectar carencias e aplicar medidas para cubrilas.

E é o momento de facelo entre todos, de sentarnos e expor solucións a toda unha serie de problemas do noso municipio, dándolle unha resposta á cidadanía que asiste impotente ante todos estes acontecementos.

Por todo iso, as concelleiras e os concelleiros dos distintos grupos que subscriben

#### SOLICITAN:

- Primeiro.- Convocar un **PLENO EXTRAORDINARIO** nos termos legais e regulamentarios anteriormente expostos.
- Segundo.- Incluir na orde do día desta sesión extraordinaria, os seguintes asuntos:

1. Debate sobre a situación actual de seguridade cidadá e vial no concello de Sada.
2. Creación da Comisión informativa de seguridade cidadá.

Sendo a proposta de acordo a seguinte:

(Segue a proposta de acordo de creación da comisión especial da referencia, que se reproduce no punto seguinte, e as sinaturas)».

Toma a palabra a sra. Arias Ferreiro (PP), quen logo de dar lectura a parte do anterior escrito fai unha exposición xeral, abríndose un debate no que se expoñen as distintas posicións para os efectos, no que tamén interveñen a sra. Pena Álvarez (GM, «PSdeG, independente»); o sr. Graña Mosquera (GM, «BNG»); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA); o presidente, sr. Portela Fernández (SM); a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal; e novamente o presidente, sr. Portela, o sr. Graña, a sra. Pena, a sra. Arias e a sra. Nogareda.

## **2º.- CREACIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGURIDADE CIDADÁ.**

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron a sesión, presentada o pasado día 03 de novembro (NRE 202399900005428), e na que con relación a este punto contén a proposta de acordo que a continuación se reproduce literalmente:

#### «PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Crear a Comisión Informativa Especial de Seguridade Cidadá, para o estudo, informe ou consulta dos seguintes asuntos:

- Problemas existentes na seguridade cidadá vinculados ás competencias plenarias.
- Elaboración dun plan de traballo, co seu correspondente calendario, e solicitando a comparecencia de entidades ou persoas especialistas que poidan realizar propostas encamiñadas á mellora da seguridade en Sada.
- Esta Comisión Informativa Especial de Seguridade Cidadá:
- Terá unha composición semellante á da Comisión especial de servizos sociais.



- Terá sesión constitutiva o xoves seguinte á celebración do pleno en horario que non altere o normal funcionamento do Concello.

Segundo.- Excepcionar do réxime de retribucións a órganos colexiados acordado no pleno de 11.07.2023 as asistencias que se realicen á presente comisión, de maneira que non serán retribuídas».

Logo dunha primeira intervención por parte da sra. Arias Ferreiro (PP) o presidente, sr. Portela Fernández (SM), propón a realización das sesións ás 20.00 horas, producíndose máis intervencións, como as do sr. Graña Mosquera e a sra. Pena Álvarez (GM) e a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) e amosando o acordo coa hora de maneira unánime.

Dáse conta de viva voz, tamén pola sra. Arias Ferreiro (PP), dunha posible composición, e amosándose todos conformes o Pleno dáse por decatado da seguinte composición para a Comisión Informativa Especial de Seguridade Cidadá, na que cada membro terá voto ponderado segundo se relaciona deseguido:

	Comisión Especial de Seguridade Cidadá
<b><u>Sadamaioría (SM)</u></b>	Titular: María Pilar Taibo Fernández Suplentes: Rebeca Mouriño Neira; Marcos Villar López O voto ponderarase por 6
<b><u>Unidos por Sada (UxS)</u></b>	Titular: María Nogareda Marzoa Suplentes: 1º, María Soraya Salorio Porral; 2º, Sergio García López; 3º, Breogán Blanco González O voto ponderarase por 4
<b><u>Partido Popular (PP)</u></b>	Titular: Esperanza María Arias Ferreiro Suplentes: Fernando España López; María Isabel Val Armesto; Aurelio Lonja Tajés O voto ponderarase por 4
<b><u>Grupo Mixto (GM)</u></b>	Titular: Almudena Pena Álvarez Suplente: Emilio Graña Mosquera O voto ponderarase por 2

A presidencia corresponderalle ao alcalde, quen ostentará un voto.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Crear a Comisión Informativa Especial de Seguridade Cidadá, para o estudo, informe ou consulta dos seguintes asuntos:

- Problemas existentes na seguridade cidadá vinculados ás competencias plenas.
- Elaboración dun plan de traballo, co seu correspondente calendario, e solicitando a comparecencia de entidades ou persoas especialistas que poidan realizar propostas encamiñadas á mellora da seguridade en Sada.
- Esta Comisión Informativa Especial de Seguridade Cidadá:
  - Terá unha composición semellante á da Comisión especial de servizos sociais.
  - Terá sesión constitutiva o xoves seguinte á celebración do pleno en horario que non altere o normal funcionamento do Concello.

Segundo.- Excluír do réxime de retribucións a órganos colexiados acordado no pleno do 11.07.2023 as asistencias que se realicen a esta comisión, de maneira que non serán retribuídas.



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000016

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 24 minutos do día luns 20 de novembro do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).